

RESEÑA

Rubén Rivas Vidal

TODO O QUE NON SE DÁ PÉRDESE

Hai uns días recibiamos un correo de Tori (Victorino Pérez Prieto) para anunciarnos que acababa de sacar á rúa un novo libro: **Contra a síndrome NNA** (Ed. Xerais, 2005). O texto remataba cunha frase ben bonita, dicía "...cada un ofrece o que fai e o que ten. Uns producen patacas, grelos e leite, outros fan máquinas... e outros escribimos; eu fágoo co mesmo sentimento obreiro de quen pensa que co seu traballo vai construíndo cidade".



Levo media hora diante do ordenador e non teño nada claro por onde comezar a reseña, e o malo é que o artigo ten que estar para mañá. Intentei comezar por falar do autor. Probei con información de tipo biográfico como que Tori é un galego nacido en Hospital de Órbigo, un leonés formado en Salamanca, un cura que anda polas terras de Ferrol... pero logo pensei que esas cousas non deben ser de moito interese nunha reseña. Barallei, despois, a posibilidade de falar do seu currículo como teólogo/escritor: preto de dez libros publicados, colaborador dos principais medios de Galicia (*La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *Diario de Ferrol*, *Grial*, *Tempos Novos*, *Encrucillada*,...). Estaba desenvolvendo esa idea cando me dei conta de que sendo Tori un dos pais da revista *Irimia* e director dela durante moitos anos era un

pouco absurdo, ou debería selo, facerlle unha presentación.

Dixenme entón, o que tes que facer é falar do libro! Explica o título. Pero resulta que na contraportada xa ven moi ben explicadiño e sentín que eu non o podería escribir mellor. Alí di: "*A síndrome NNA vén a ser a de Non hai Ningunha Alternativa, a que nace da imposición nos últimos anos do que se deu en chamar pensamento único, global*". Por se fose pouco, no mesmo sitio retrata tamén a intención da obra: propoñer como antídoto ao fatalismo "*a esperanza que nace dunha confianza radical en que a auténtica globalización é a da fraternidade e o amor solidario*".

frase que dá título ao limiar da obra: *Todo o que non se dá pérdese*. Gustoume. Logo lín "*este libro que tes nas mans non foi escrito nunha arroutada, senón que recolle o traballo de varios anos de ver, contemplar (ás veces xulgar) e actuar*". Foi xusto, nese momento cando entendín o verdadeiro sentido de *Contra a síndrome NNA*. Ata o momento pensaba que era unha recompilación de artigos, nese momento decateime de que era unha inmensa mostra de xenerosidade. Xenerosidade de quen, como nós dicía no correo, con sentimento de obreiro pensa que co seu traballo vai construíndo cidade. E pensei... e o que se dá e non se recolle tamén se perde?

Só a esperanza transformadora pode neutralizar a síndrome NNA

Volví cambiar de idea. Se non podía mellorar o do título ou da finalidade da obra, podía probar coa estrutura. Mirei o índice. O libro está organizado en seis grandes capítulos nos que se distribúen de xeito temático algo máis de cen artigos publicados en distintos medios... Estábaos contando cando reparei na

